


Sumario | nº25 – Marzo 2023

**EDIUS** **NOVAS**

## Formar alumnado da EDIUS para “prever e atallar” os diferentes tipos de acoso

Milena Villar Varela

A matrícula do curso *Protocolo de acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero na USC* estará aberta até o 8 de marzo



**EDIUS** **NOVAS**

## Seguimento e avaliación anual



**EDIUS** **NOVAS**

## Xescampus terá un novo módulo para presentar as teses de doutoramento



**3MT®**

## Aberto o prazo para concursar no II *Three Minute Thesis* (3MT) da USC



**ENTREVISTA**

Marta Rodríguez Castro e Roi Méndez Fernández imparten unha formación sobre o pitch audiovisual, vinculado ao concurso *Teses en Tres Minutos*

«Temos que desprendernos da ambición de contalo todo e quedarnos co máis relevante para a nosa audiencia»



**OPINIÓN**

## O doutoramento para o desenvolvemento para reforzar as estruturas e capacidades en investigación e innovación en países vulnerables



**EDIUS** **NOVAS**

## EDIUS-Conecta, un programa de actividades para alumnado e profesorado para fornecer o traballo en equipo e coñecer as ferramentas de innovación



**EDIUS** **CURSOS**

## Ferramentas para mellorar as presentacións orais e escritas



**EDIUS** **NOVAS**

## Publicada a proposta provisoria dos Premios Extraordinarios 2020-2021



EDIUS NOVAS

## Formar alumnado da EDIUS para “previr e atallar” os diferentes tipos de acoso

A matrícula do curso *Protocolo de acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero na USC* estará aberta até o 8 de marzo



Ao longo de tres días, Milena Villar Varela, profesora na Facultade de Ciencias da Educación da USC e integrante do Seminario Permanente de Emocionalidade, Xéneros e Desenvolvemento Humano (EXDEHU), dará a coñecer o *Protocolo de acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero na USC*, en vigor desde 2017. As persoas interesadas en participar neste curso poderán matricularse até o 8 de marzo [a través desta ligazón](#).

Este protocolo, fai unha clara diferenciación entre os distintos tipos de acoso. Sinala como **acoso sexual** “todo comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado, de índole sexual, realizado co propósito ou efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un entorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo”. Pola súa banda, o **acoso por razón de sexo** é aquel comportamento tamén non desexado e co mesmo propósito ou efecto que o sexual, pero realizado “en función do sexo dunha persoa”. Por último, o **acoso por razón de orientación sexual e identidade de xénero** é o comportamento que “en función da orientación sexual ou identidade de xénero dunha persoa, persigue atentar contra a súa dignidade e/ou crear un espazo intimidatorio, hostil, degradante, humillante, ofensivo ou segregador”.

[↩ Ir ao sumario](#)

Milena Villar considera necesaria unha formación deste tipo para o alumnado da EDIUS porque “para poder previr e atallar esta problemática é fundamen-

tal a formación”. Engade que é fundamental que as diversas persoas que forman parte da comunidade universitaria “sexan capaces de recoñecer os distintos comportamentos constitutivos de acoso e que dispoñan dos recursos e das ferramentas necesarias para poder actuar en caso de que teñan lugar”. Neste caso, trátase dunha formación dirixida ao alumnado que está realizando os seus estudos de doutoramento, pero estanse a levar a cabo actividades formativas dirixidas tanto a alumnado como a PDI e PAS.

Preguntada sobre se é a USC un entorno seguro, a profesora sinala que é difícil de responder a esta cuestión “cando a meirande parte da comunidade universitaria non era consciente, tal como se reflexa nas investigacións realizadas, de ter sufrido algún tipo de acoso, debido a ese descoñecemento xeneralizado sobre o que é o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual ou identidade de xénero”.

As investigacións realizadas na universidade compostelá conclúen que tanto PDI, PAS e alumnado consideran que os colectivos que teñen mais risco de sufrir acoso son o colectivo LGBTI+ e o colectivo de mulleres.

Villar Varela explica cales son as competencias que se poden adquirir para previr estes fenómenos. Fundamentalmente fai referencia ás competencias vencelladas ao saber -en especial ao recoñecemento das situacións de acoso-, ao saber facer - a ser capaces de previlo e posuír ferramentas para actuar ante a súa presenza-, e ao saber ser e estar - desenvolvendo en toda a comunidade competencias socio-emocionais vencelladas á prevención do fenómeno.

Ante unha situación de acoso propia ou allea, calquera membro da comunidade universitaria debe, en primeiro lugar e tal e como recolle o protocolo, poñelo en coñecemento da Oficina de Igualdade de Xénero (OIX) da USC. A denuncia ante a OIX deberá realizarse por escrito e conterá unha descrición dos feitos denunciados, coa identificación da persoa denunciante e da denunciada. Deste xeito, será presentada por rexistro, a través da Sede Electrónica da USC ou por calquera dos medios previstos na lexislación reguladora do procedemento administrativo, no seu caso en sobre pechado que garanta a intimidade das persoas afectadas.

Para Milena Villar é difícil saber se a xente nova é máis ou menos permisiva con este tipo de comportamentos. “Por unha banda, vemos unha sociedade e unha xuventude máis concienciada e sensibilizada co fenómeno, pero, por outra banda, tal e como nos revelan as investigacións previas realizadas, percíbese un aumento da violencia de control, especialmente na adolescencia”, explica. En calquera caso, engade, nesta comunidade universitaria, as conclusións obtidas revelan que tanto PDI, PAS e alumnado observan e viven situacións semellantes, “sendo comportamentos como o humor sexista e tráfobo algúns dos comportamentos de acoso mais reiterados nos tres colectivos”.



EDIUS NOVAS

## Xescampus terá un novo módulo para presentar as teses de doutoramento

Na segunda metade do mes de marzo entrará en funcionamento un novo módulo de tese de doutoramento dentro da aplicación Xescampus. Esta novidade supón unha mellora importante a todos os niveis de usuario xa que axiliza o procedemento de presentación da tese de doutoramento e permite a interconexión dos diferentes axentes implicados, pero sen saír da aplicación Xescampus.

A incorporación do novo módulo non supón en ningún caso un cambio no procedemento xa que se mantén o mesmo diagrama de fluxo que até o de agora.

Cabe lembrar que o actual proceso foi un sistema ideado para que, durante a pandemia pola Covid-19, os doutorandos e doutorandas puideran seguir presentando e defendendo as súas teses. O novo módulo acarreará varias vantaxes con respecto ao actual funcionamento:

- O inicio da presentación da tese farase a través da Secretaría Virtual do alumnado (SVA) e, polo tanto, desaparecerá a presentación por sede electrónica a través dun formulario. No inicio da presentación, a persoa doutoranda contará cun amplo espazo para subir toda a documentación, a mesma que até agora, e **a súa a tese de doutoramento** que será a versión definitiva e contará co formato establecido pola USC. Esta forma de presentación presenta outro gran avance ao permitir que desapareza a necesidade de que a/o doutoranda/o teña **sinatura electrónica**. A persoa doutoranda recibirá avisos a través da súa SVA a medida que a súa tese vaia pasando polas diferentes etapas.
- O perfil autorizado dende a Secretaría Virtual do Profesorado (SVP) recibirá unha alerta sobre o inicio da presentación da tese de doutoramento, terá acceso á documentación e poderá realizar a resolución para, a continuación, do trámite na propia SVP. Tamén poderá ver as solicitudes de defensa dos/as doutorandos/as e consultar as solicitudes pendentes de resolución.
- A persoa coordinadora do programa de doutoramento, que tamén é a presidenta da CAPD, recibirá unha alerta e resolverá, tamén, a través da súa SVP. Asemade poderá ver as solicitudes de defensa dos/as doutorandos/as e consultar as solicitudes pendentes de resolución.
- O persoal de apoio recibirá un correo indicándolle o inicio deste trámite. A través do novo módulo de tese iniciará a xestión administrativa da solicitude, que segue o mesmo procedemento que o realizado até o momento. En Xescampus poderá supervisar e validar toda a documentación incorporada pola persoa doutoranda.
- A EDIUS, a través da aplicación, comunicará á persoa doutoranda, directores/as, ao programa de doutoramento e aos membros do tribunal a autorización da defensa da tese e o nomeamento dos membros do tribunal, que terán á súa disposición a tese de doutoramento subida pola persoa doutoranda na súa SVA.
- A xestión da acta, así como a finalización do expediente, farase tamén a través deste módulo.

 [Ir ao sumario](#)

**EDIUS** **NOVAS**

## Seguimento e avaliación anual



O seguimento do labor de investigación dos doutorandos e doutorandas será avaliado anualmente pola Comisión Académica de cada Programa de Doutoramento a través da valoración do Documento de Actividades e do desenvolvemento do Plan de Investigación.

Previamente, o/a titor/a director/a que figura como perfil autorizado debe aceptar ou non as actividades da persoa doutoranda e, posteriormente, xerar o seu informe. Unha vez emitido o informe polo perfil autorizado, o/a coordinador/a do programa de doutoramento trasladará a avaliación da Comisión Académica á aplicación para que conste no expediente do doutorando nos termos de positiva ou negativa.

No caso dunha avaliación negativa, o doutorando ou doutoranda volverá ser avaliado no seguinte curso. No caso de dúas avaliacións negativas en cursos consecutivos, o/a doutorando/a será dado de baixa do Programa de Doutoramento de forma definitiva. Os investigadores e investigadoras que tiveran avaliación negativa por primeira vez no curso 2022-2023, serán novamente avaliados no vindeiro curso

2023-2024 nas datas que se determinen, e de ser esta nova avaliación negativa, causarán baixa no programa.

Os prazos para realizar os informes anuais (Perfís Autorizados e CAPD) serán establecidos por cada Programa de Doutoramento, tendo en conta que en todo caso deben estar realizados antes do 30 de setembro de 2023. O prazo para que o alumno ou alumna formule alegacións será de 10 días hábiles dende a emisión do Informe de avaliación anual.

Os doutorandos e doutorandas matriculados por primeira vez neste curso académico na primeira convocatoria teñen até o 11 de abril de 2023 para presentar a través da súa Secretaría Virtual o seu Plan de Investigación. No caso do alumnado matriculado na segunda convocatoria, o prazo finaliza o 31 de xullo deste ano.

O prazo límite para a incorporación de actividades no documento de actividades correspondentes ao curso 2022/23 remata o 30 de xuño de 2023 para todos os doutorandos e doutorandas.

[↩ Ir ao sumario](#)

3MT®



## Aberto o prazo para concursar no II *Three Minute Thesis* (3MT) da USC

O 1 de marzo abriu o prazo para cumprimentar a ficha de inscrición e enviar os vídeos para participar na segunda edición do *Three Minute Thesis* organizado pola EDIUS. As persoas interesadas poderán facer a inscrición e enviar o material até o 5 de maio de 2023 ao seguinte [endereço](#).

**Iniciado pola Universidade de Queensland en 2008**, 3MT cultiva as habilidades de comunicación académica, de presentación e de investigación dos estudantes. O concurso apoia a capacidade dos doutorandos e doutorandas para explicar eficazmente a súa investigación en tres minutos nunha linguaxe adecuada para un público non especializado. **Neste vídeo** poderás ver e coñecer as normas básicas do concurso da USC.

O requisito para participar nesta segunda edición do 3MT da EDIUS é ter estado matriculado nun programa de doutoramento da USC no curso 2022/2023 e non ter defendido a tese.

[↩ Ir ao sumario](#)

Máis información sobre os criterios de avaliación, premios e xurado e outras normas do 3MT na [seguinte ligazón](#).

ENTREVISTA



Marta Rodríguez Castro e Roi Méndez Fernández

Marta Rodríguez Castro e Roi Méndez Fernández imparten unha formación sobre o pitch audiovisual, vinculado ao concurso *Teses en Tres Minutos*

## «Temos que desprendernos da ambición de contalo todo e quedarnos co máis relevante para a nosa audiencia»

*Three Minute Thesis: O pitch como ferramenta para unha comunicación científica eficaz* é o título do curso que os días 6 e 7 deste mes de marzo impartirán os profesores Marta Rodríguez Castro e Roi Méndez Fernández. Trátase dunha formación estreitamente relacionada co concurso de comunicación 3MT que por segundo ano consecutivo organiza a EDIUS. Esta competición reta ao estudiantado de doutoramento a consolidar as súas hipóteses, obxectivos e ideas así como a validez e importancia dos resultados da súa investigación, e a presentalos de xeito claro e conciso, en menos de tres minutos e empregando unicamente os recursos propios da oratoria e da retórica.

### No ámbito da investigación, que características básicas debe ter un pitch audiovisual para ser eficaz?

O que debemos procurar conseguir neste tipo de comunicacións é a máxima claridade. No campo da investigación estamos acostumadas a explicar o noso traballo con moito detalle, xustificando cada decisión que imos dando e marcando tamén os nosos límites. No formato do pitch audiovisual o que debe primar non é tanto a transparencia do proceso investigador como a transmisión do valor da nosa investigación e a posible transferencia dos resultados ao día a día de forma clara, concisa e que sexa capaz de captar a atención da nosa audiencia.

### Que importancia ten a divulgación dentro do traballo científico?

A divulgación é esencial para que a investigación que facemos poida ter un impacto directo na sociedade. É tamén unha maneira de visibilizar o noso traballo ao mesmo tempo que melloramos a educación científica da sociedade. Ademais, como investigadores e investigadoras dunha universidade pública temos tamén a responsabilidade de esforzarnos para que os avances que facemos gracias á financiación pública cheguen á cidadanía.

### Cales son as principais estratexias para unha comunicación científica eficiente?

Debemos partir sempre de ter claro cal é a idea principal que queremos comunicar. A partir de aí, teremos que identificar de que maneira pode-

remos conseguir a atención do noso público (unha anécdota persoal, algún feito da actualidade) e buscar como traducir a nosa linguaxe científica a outra máis cotiá.

### **Están sendo realmente os medios de comunicación aliados da divulgación científica?**

Penso que é difícil dar unha resposta global, xa que aínda hai medios que empregan a información científica só cando esta pode ter un enfoque morboso ou sensacionalista, a modo de clickbait. Con todo, creo que actualmente o xornalismo científico goza de moi boa saúde, temos profesionais cunha gran formación e as posibilidades que ofrecen os novos medios para a divulgación científica están sendo moi ben explotadas.

### **Este curso vai ligado ao concurso Teses en Tres Minutos que a EDIUS organizou por primeira vez o ano pasado. Detectastes que había un problema entre o estudiantado de doutoramento para transmitir os seus coñecementos?**

O que vimos na primeira edición do concurso foi que, en xeral, non estamos acostumados a presentar o noso traballo ante públicos non especializados. Preparar unha presentación para un congreso xa nos pode supoñer un desafío pola limitación temporal, e iso que aí podemos empregar unha linguaxe hiperespecializada. Mudar esa dinámica para unha na que o tempo é aínda máis escaso e no que temos que adaptar a linguaxe non é sinxelo. Aínda así, o nivel dos e das participantes foi estupendo, vimos moita creatividade e un gran potencial comunicativo.

### **Na formación falaredes da edición non lineal básica de vídeo. En que consiste?**

A edición de vídeo non lineal é a empregada en case todos os softwares de edición de vídeo modernos. A súa principal característica é a dispoñibilidade dunha ou máis pistas de son e

## **«Temos tamén a responsabilidade de esforzarnos para que os avances que facemos gracias á financiación pública cheguen á cidadanía»**

vídeo polas que o editor se pode mover libremente e nas que se poden combinar diferentes contidos (ímaxe fixa, son, vídeo, efectos, etc.) de cara a obter a montaxe final desexada. Denomínase non lineal como contraposición á edición analóxica lineal na que era preciso realizar a gravación das secuencias na orde na que ían ser incluídas na montaxe final.

### **Calquera tese de doutoramento se pode resumir en tres minutos?**

Nada é imposible. Temos que desprendernos da ambición de contalo todo e quedarnos co máis relevante para a nosa audiencia. Depurando e preparando ben o noso discurso é posible condensar unha tese en tres minutos. É, ademais, un exercicio de síntese moi interesante que pode axudar aos propios doutorandos e doutorandas a focalizar cal é o núcleo principal da súa investigación, xa que este foco pode perderse no remuíño do día a día e convén recordalo de cando en vez.

### **E é posible que sexa entendible incluso para os máis profanos na materia?**

Ese é o noso gran reto. Un concepto que a nós nos pode parecer moi obvio pode resultar totalmente alleo ao público xeral, ou mesmo a profesionais doutras áreas do coñecemento. Neste curso, ao xuntármonos investigadoras e investigadores de campos moi diferentes, poderemos testar se unha idea ou un discurso se entende ou se precisa que o adaptemos un chisco máis, pero o noso obxectivo é poder comunicar a nosa investigación doutoral ante calquera tipo de público.

 [Ir ao sumario](#)





**Agustín  
Merino García**

Doutor pola  
Universidade  
de Santiago de  
Compostela

*«O Doutoramento  
en Agricultura e  
Medioambiente  
para o Desenvolve-  
mento-DIAMD cén-  
trase en países que  
sofren insegurida-  
de alimentaria e  
importantes crises  
demográficas»*

↩ [Ir ao sumario](#)

OPINIÓN

## O doutoramento para o desenvolvemento para reforzar as estruturas e capacidades en investigación e innovación en países vulnerables

Actualmente, nas universidades europeas ofrécese o Doutoramento Industrial como estratexia para beneficiar o sector produtivo da contribución científica. Dunha forma similar, unha posible Mención de Doutoramento para o Desenvolvemento sería útil para recoñecer os singulares impactos deste tipo de formación en países con limitacións na investigación e innovación. Neste contexto, diferentes organismos internacionais coinciden na necesidade de aumentar as capacidades de innovación e o acceso ás novas tecnoloxías para realizar un aproveitamento sostible e xusto dos seus recursos neses países. Este concepto correspóndese, entre outros moitos, cos esforzos da cooperación universitaria ao desenvolvemento, como o Programa Desenvolvemento de Capacidades de *Erasmus +*.

En sintonía con estas recomendacións, o **Doutoramento en Agricultura e Medioambiente para o Desenvolvemento-DIAMD** céntrase en países que sofren inseguridade alimentaria e importantes crises demográficas. O programa tamén aborda os retos que o sector agropecuario está sufrindo co cambio climático así como a emerxencia das enfermidades zoonóticas que van emerxer nos próximos anos, e o descoñecemento das medidas hixiénicas que configuran o concepto One Health. En moitos destes países, os recursos non son suficientes para a súa poboación en crecemento. Pero é paradóxico o feito de que en moitos casos esta situación xérase pola deforestación e degradación ambiental para abastecer de alimentos e materias primas aos países ricos. O cambio climático, xerado en boa parte pola actividade deses países ricos, acentúa esas vulnerabilidades.

No DIAMD foméntanse os proxectos de investigación de calidade para contribuír a resolver os maiores retos agrícolas, ambientais e sociais definidos polos propios axentes sociais neses países. Dunha forma similar ao Doutoramento Industrial, o impacto desta investigación sobre a sociedade, asegúrase mediante a directa colaboración coas institucións educativas deses países. Con elas establécese unha estratexia de fortalecemento de estruturas e capacidades de investigación e innovación. Para reforzar este impacto, os proxectos realízanse nun espazo colaborativo internacional de universidades e centros de investigación (no noso caso participan máis de 10 países). Desde 2013, desenvóléronse máis de 60 proxectos que serviron para xerar líderes de innovación nesas rexións e que están a impulsar proxectos de gran envergadura.

O DIAMD é un exemplo de como a formación doutoral contribúe a reforzar a investigación e innovación en agricultura e medioambiente, pero, sen dúbida, esta experiencia pode extrapolarse a outros campos como a saúde, a educación, as humanidades ou a enxeñaría.

**EDIUS** **NOVAS**

## Publicada a proposta provisoria dos Premios Extraordinarios 2020-2021



Xa están publicados no Taboleiro Electrónico de Anuncios da USC e na páxina web da EDIUS os acordos dos tribunais avaliadores coas listaxes provisionais dos Premios Extraordinarios para as teses defendidas no curso 2020-2021. Os traballos de doutoramento que optan a este galardón tiveron que ser defendidos no período comprendido entre o 1 de setembro de 2020 e o 31 de agosto de 2021 e obter a cualificación de “sobresaliente” con mención “*cum laude*” e que a suma das puntuacións emitidas polos membros do tribunal na súa valoración da tese de doutoramento para os premios extraordinarios sexa igual ou superior a 12 puntos. As listaxes provisionais dos Premios Extraordinarios poden consultarse accedendo á [web da EDIUS](#). O prazo de presentación de alegacións finalizou o 24 de febreiro.

Tras a finalización do prazo de presentación de alegacións, os tribunais avaliadores volverán a reunirse para, no seu caso, valorar as posibles alegacións recibidas e realizar a proposta definitiva de concesión dos premios. Esta proposta será ratificada pola Comisión Executiva da EDIUS antes de ser enviada ao Consello de Goberno da USC para a concesión definitiva dos galardóns, tal e como consta na [convocatoria](#).

Na convocatoria deste ano daranse un total de 34 premios, distribuídos nas catro grandes áreas do seguinte xeito:



- Artes e Humanidades : 5
- Ciencias Sociais e Xurídicas: 7
- Ciencias e Enxeñarías: 11
- Ciencias da Saúde: 11

O prazo para a presentación de solicitudes estivo aberto entre o 18 e o 31 de outubro do pasado ano.

Na convocatoria deste ano, existen subáreas nas que, por existiren candidatos/as cuxas puntuacións totais superaban os 50 puntos, aplícase a fórmula de ponderación establecida no apartado 2 do Anexo II Criterios xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario do curso 2020/21.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## Aberta a inscrición para as sesións de Conversas do CLM

Inglés, francés e checo son os idiomas que se ofertan no marco das Conversas do Centro de Linguas Modernas (CLM) da USC, sesións de conversación dirixidas por profesorado e orientadas á práctica da expresión e a interacción oral, nas que se afianzan estruturas lingüísticas, repásase vocabulario, mellórase a pronuncia e gáñase en fluidez. Os requirimentos para solicitar praza poden consultarse [na web do CLM](#).

Segundo a lingua e o nivel, os encontros poden des-

envolverse de xeito presencial nas aulas da USC, cun máximo de até seis alumnos e alumnas, ou en liña a través de MS Teams con catro integrantes, alén do profesorado especializado.

As persoas interesadas en formalizar a súa inscrición e que non teñan o nivel asignado polo CLM, terán que facer un test de nivel por internet ou unha titoría de acceso. Deberán enviar un correo electrónico a [clm@usc.gal](mailto:clm@usc.gal) e inscribirse no test dende a [secretaría virtual da USC](#).

EDIUS NOVAS

## Tres estudos da USC, recoñecidos no marco dos Premios de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo 2022

A Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) recoñece, no marco dos Premios de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo 2022, aos investigadores e investigadoras da USC que lograron modificar moléculas individuais, un achado con múltiples aplicacións na medicina e na industria, como a distribución intelixente de fármacos. O proxecto que foi premiado na modalidade de investigadores/as sénior recaeu no equipo liderado por Diego Peña, do Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares da USC (CiQUS), xunto a investigadores/as de IBM en Zúric e das Universidades de Oxford, King Abdullah de Arabia Saudita e Regensburg (Alemaña).

A RAGC premiou tamén, na categoría de investigadores/as mozos/as, un traballo destinado á detección de desinformación relacionada coa saúde nos medios en liña, liderado por Marcos Fernández, do Centro

Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da USC (CiTIUS). Ademais, outorgouse unha mención honorífica na modalidade de promoción de mozos/as investigadores/as a un traballo sobre o rexeitamento da poboación ao uso da auga reciclada. Os/as autores/as, coordinados/as por Sergio Vila, desenvolven o seu labor no Centro Interdisciplinario de Investigación en Tecnoloxías Ambientais da USC (CRETUS) e na Facultade de Psicoloxía da institución compostelá.

Os Premios de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo 2022 están destinados a promover e recoñecer a investigación no eido das matemáticas, física e ciencias da computación; química e xeoloxía; bioloxía e ciencias da saúde; ciencias técnicas; e ciencias económicas e sociais, todas elas integradas na RAGC.

Podese atopar máis información [nesta ligazón](#).

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## EDIUS-Conecta, un programa de actividades para alumnado e profesorado para fornecer o traballo en equipo e coñecer as ferramentas de innovación

A EDIUS presenta **EDIUS-Conecta**, un novo programa que ten como obxectivo achegar ao alumnado e profesorado ferramentas de innovación e traballo en equipo que permitan competir nun contorno tan cambiante como o actual.

Despois do éxito do concurso 3MT da pasada edición, a Escola de Doutoramento da USC propón este curso como un programa piloto baseado en cinco eixos e no que os actores principais son o alumnado e profesorado.

EDIUS-Conecta desenvolverá ao longo deste curso catro accións: “*Hackthon Social-Tech*”, un “*Sprint de Innovación*”, uns “Almorzos formativos con...” e o “*EDIUS Mentoring*”.

### HACKATHON SOCIAL-TECH

A programación do EDIUS-Conecta arrancou os pasados días 24 e 25 de febreiro. O edificio EMPRENDIA, do Campus Vida de Santiago, acolleu o “*Hackathon Social-Tech*”, un programa intensivo enfocado a adquirir novas habilidades de innovación e traballo en equipo, dende un enfoque práctico e orientado á acción. Para isto, aplicaron metodoloxías de innovación á resolución dun reto, de xeito colaborativo e a través do formato *hackathon* (termo que resulta da unión dos conceptos ‘maratón’ e ‘*hacker*’).

Este *hackathon* constou de dúas xornadas intensivas nas que os participantes avanzaron dende a proposta do reto até a definición, prototipado e presentación das solucións finais. A iniciativa estivo organizado polo **LIESGA**, Laboratorio de Innovación e Emprendemento Social da USC, e quixo involucrar aos estudantes no desenvolvemento de solucións aos retos que plantexan os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) a través da tecnoloxía.

### SPRINT DE INNOVACIÓN

O concepto de *Design Sprint* foi desenvolvido por *Google Ventures* para solucionar retos ou problemas nun período curto de tempo, de forma transversal e colaborativa. Unha experiencia de innovación aberta que permite crear e validar ideas centradas no usuario en apenas 4 días.

O “*Sprint de Innovación*” organizado pola EDIUS celebrárase no mes de maio e pretende involucrar a coordinadores/as e estudantes de doutoramento na resolución dun reto empresarial real, plantexado por empresas ou administracións da súa contorna, contribuindo así a impulsar a innovación,

 [Ir ao sumario](#)

fomentar a transferencia de coñecemento e reforzar os vínculos da USC coa comunidade local.

A proposta está deseñada para estudantes e coordinadores/as de doutoramento que queren aprender un novo enfoque de innovación para poder aplicalo aos seus proxectos. Non é preciso ter coñecementos específicos nin formar parte de ningún grupo para participar. Os equipos serán formados o primeiro día en función dos retos e dos/as participantes.

O programa consta de catro xornadas de traballo intensivas durante as cales, partindo dos retos propostos por dúas empresas/entidades locais, estudantes e coordinadores/as traballarán de forma conxunta para crear solucións innovadoras, seguindo un proceso de innovación estruturado dende a oportunidade até a solución.

### **Día 1: Comprender**

Data: 9 de maio, de 13:00 a 15:00 horas

OBXECTIVO: presentación do reto por parte das empresas, análise do contexto e identificación de oportunidades.

Cada unha das empresas participantes exporá o reto ou problema e o contexto do mesmo. De seguido, os grupos de traballo farán unha análise para identificar oportunidades que axuden á súa resolución.

### **Día 2: Idear**

Data: 16 de maio, de 13:00 a 15:00 horas

OBXECTIVO: proposta de ideas para aproveitar as oportunidades identificadas e deseño da solución.

Traballarase en grupo para xerar ideas centradas no usuario e seleccionar as que mellor se axeiten aos criterios propostos pola organización.

### **Día 3: Prototipar**

Data: 23 de maio, de 13:00 a 15:00 horas

OBXECTIVO: desenvolver un prototipo da idea ou ideas seleccionadas na fase anterior.

Cada grupo elaborará un prototipo da solución identificada que servirá para validala coa organización e cos usuarios finais.

#### Día 4: Validar · Pitch final

Data: 30 de maio, de 12:00 a 13:30 horas

OBXECTIVO: presentación das solucións ás empresas en formato *pitch*.

Nesta última xornada, as empresas participantes escoitarán as solucións desenvolvidas polos grupos de traballo e aportarán o seu punto de vista nun espazo aberto de debate.

O **equipo responsable** do *Sprint* de Innovación está integrado por Noelia Rodríguez Yáñez e Beatriz García Cibreiro. Noelia Rodríguez conta cunha ampla traxectoria internacional de máis de 19 anos. Centra a súa actividade profesional na formación e asesoramento a entidades empresariais e educativas nas áreas de Innovación estratéxica, deseño de negocio (*Business Design*) e emprendemento. Pola súa banda, Cibreiro é xornalista, formadora e emprendedora. Desenvolve o seu labor profesional como consultora especializada na comunicación corporativa.

#### ALMORZOS FORMATIVOS CON...

A EDIUS e a USC crearon o programa “Almorzos formativos con...” como punto de encontro para o profesorado no que compartir experiencias e coñecer novas ferramentas e accións a través de profesionais en materia de innovación, transferencia, novas metodoloxías ou comunicación. Trátase de coñecer o que se está a facer noutros lados, compartir tempo con profesionais do mesmo ámbito, estar ao día nas metodoloxías e ferramentas de traballo en equipo e xestión de persoas. Todas elas son habilidades necesarias para obter mellores resultados no ámbito académico.

Serán cinco sesións de dúas horas, con carácter presencial nas que as persoas inscritas poderán coñecer, aprender e conversar sobre diferentes temáticas a través dos/as poñentes invitados/as. Cada sesión consta de tres partes: introdución cunha pílula formativa, espazo de debate e xeración de ideas, e un pequeno almorzo/encontro no que poder seguir compartindo os temas do debate.

O programa consta de cinco xornadas divididas da seguinte maneira:

1. Liderado relacional para a xestión de equipos. Imparte **Esther Trujillo**

| 16 de marzo, de 10:00 a 12:00 horas, no Centro de Formación da EDIUS do Parque de Vista Alegre, Santiago.

2. Innovación e transferencia. Imparte **Noelia Rodríguez**

| 13 de abril, de 10:00 a 12:00 horas, no Centro de Formación da EDIUS do Parque de Vista Alegre, Santiago.

**3. Claves para a comunicación con éxito en equipos. Imparte [Beatriz García Cibreiro](#)**

| 27 de abril, de 10:00 a 12:00 horas, no Centro de Formación da EDIUS do Parque de Vista Alegre, Santiago.

**4. Metodoloxías innovadoras na aula e equipos de traballo. Imparten Noelia Rodríguez, Beatriz G. Cibreiro e Silvia Penón**

| 11 de maio, de 10:00 a 12:00 horas, no Campus de Lugo.

**5. Xestión de persoas e interculturalidade. Casos de éxito: USC, HES-SO (Suíza), UCM(Madrid)**


| 25 de maio, de 10:00 a 12:00 horas, nas instalacións da EDIUS.

**EDIUS MENTORING**

Trátase dun programa piloto que consistirá na creación das bases para un programa de acompañamento para doutorandos e doutorandas. Esta acción está rematando o proceso de definición e darase a coñecer proximamente a data na que se levará a cabo e o lugar exacto.



[↩ Ir ao sumario](#)



# Formación

## Actividades Marzo 2023

### **Bases de datos relacionais e non relacionais para investigación en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas**



6, 8, 10, 13 e 15 de marzo de 2023

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matrícula: do 20 ao 27 de febreiro de 2023

Horario: de 12:00 a 14:00h

### **Three Minute Thesis: O pitch como ferramenta para unha comunicación científica eficaz**



6 e 7 de marzo de 2023

Facultade de Ciencias da Comunicación (Campus Norte)

Matrícula: do 20 ao 27 de febreiro de 2023

Horario: de 16:00 a 20:00

### **Introdución á xeostatística en R**



9, 16 e 23 de marzo de 2023

Presencial e síncrono a través de MS Teams (3 sesións sincrónicas de 4 horas + 3 horas de traballo individual). Campus de Lugo

Matrícula: do 23 de febreiro ao 2 de marzo de 2023

Horario: de 9:30-13:30

### **Deseño e preparación de presentacións**



10 marzo, 9:30-13:30 Presencial; 17 marzo, 9:30-13:30 online; 24 marzo, 9:30-13:30 online


Aula de la Biblioteca Universitaria de Lugo (10 marzo) e online (17 e 24)

Matrícula: do 24 de febreiro ao 3 de marzo de 2023

Horario: de 9:30 a 13:30h

[Ir ao sumario](#)





# Formación

## Actividades Marzo 2023

### Deseño e edición de materiais para presentacións escritas

15, 16, 20 e 21 de marzo de 2023

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matrícula: do 1 ao 8 de marzo de 2023

Horario: de 9:30-13:30

### Coñecemos o “Protocolo de acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero na USC”: achegamento, análise, acompañamento e reflexións

15, 17 e 22 de marzo de 2023

Aula 5, Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida)

Matrícula: do 1 ao 8 de marzo de 2023

Horario: 15 de marzo de 16:00 a 20.00 horas; 17 de marzo de 10:30a 12:00 horas; 22 de marzo de 16:00 a 18:30 e 2 horas non presenciais para a realización da tarefa

### Introdución á análise espacial e á econometría espacial con R

17, 22, 24 de marzo de 2023

Actividade ONLINE, usando Microsoft TEAMS

Matrícula: do 3 ao 10 de marzo de 2023

Horario: de 10:30 a 12:00h

EDIUS NOVAS

